



V CONGRESO GALEGO-PORTUGUÉS
DE PSICOPEDAGOXÍA
ACTAS (COMUNICACIONES E POSTERS)
Nº 4 (Vol. 6) Ano 4º-2000 ISSN: 1138-1663

ESTUDIO DE CASO DO ENTRENAMENTO LINGÜÍSTICO NUNHA REABILITACIÓN LOGOPÉDICA

Carlos MARIÑO CASTRO
Mª Luisa MARIÑO CASTRO
Emilio VEIGA RIO

RESUME

O caso que estamos a presentar nesta comunicación é o estudio de caso dun neno de 7 anos cun linguaxe moi pouco estruturado a nivel expresivo (vocabulario pobre, ausencia de nexos -palabra frase-, sen ritmo na fala, confusións en fonemas, non pronuncia as consonantes nasais nin os sífonos, etc.) e con dificultades na lingua escrita tanto a nivel comprensivo coma expresivo.

Pódese dicir que posúe carencias nos catro sistemas que compoñen a linguaxe: fonolóxico, lexic-al, sintáctico-gramatical e simbólico-semántico.

Para o análise das suas dificultades non só tivemos en conta ó suxeito se non os seus contextos externos, principalmente o circulo familiar e o colexio dada a importancia que reportan no proceso de comunicación. Nas relacións interpersonais o neno recibe constantemente un feed-back correctivo. Todo-los nenos/as vense sometidos/as a unha intervención intensiva, aínda que inconsciente do entorno sobre a súa comunicación co obxectivo primario de facilita-la interacción e en consecuencia permitirle adquirir, con maior facilidade, o código característico do grupo social ó que pertence. Este proceso é común a todas as culturas porque pertence ó grupo de conductas máis xerais de transmisión de información entre as xeneracións.

Incidimos sobre o clima da clase e elaboramos pautas a nivel familiar a fin de favorecer o proceso de entrenoamento lingüístico e prevenir conductas que poidan xurdir pola falta de coherencia no nivel de esixencia.

A nivel suxeito traballáronse os aspectos de maior incidencia no desenrolo lingüístico, coma a memoria inmediata, a organización temporoauditiva, e os aspectos psicolingüísticos coma entrenoamento da conciencia fonolóxica (descompoñer unha palabra nos seus elementos -sílabas ou letras- e volvela a componder, etc.).

O xogo e a música conformaron o eixe das sesións de reeducación a fin de axeita-lo proceso a idade e madurez do alumno.

Os resultados obtidos si ben foron positivos tendo en conta o punto de partida e o de chegada, como se di nas conclusións, pódese falar máis que de logros concretos dunha progresión lenta pero continuada en todos os capítulos a reeducar, porque debemos de considerar permanentemente que tanto o ensino como a aprendizaxe da linguaxe nesta tipoloxía de casos é un continuo

INTRODUCCIÓN

A **problemática** que nos ocupa é a de un neno con retraso na linguaxe e problemas de aprendizaxe.

Para o enquadre teórico da experiencia partimos do estudio levado a cabo no Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, polo Profesor Barca Lozano e colaboradores, titulado “As dificultades de aprendizaxe no contexto escolar de Galicia”, levouse a cabo durante os anos 1984 a 1987, e plasmouse nunha serie de teses de licenciatura sobre a temática da incidencia da linguaxe nos procesos do aprendizaxe escolar.

Dito estudio, constata o feito da invarianza de certas variables atopadas por diferentes investigadores.

A variable con máis peso explicativo das dificultades de aprendizaxe era “Alteracións no comportamento lingüístico”. Sosteen BARCA e col. (1994), que un dos principais factores que permanecen invariantes como responsables das dificultades ou trastornos de aprendizaxe é o que fai referencia ós déficits atopados nas áreas da linguaxe.

Por outra banda, na análise das dificultades de aprendizaxe pódense seguir modelos centrados no suxeito ou modelos centrados nos contextos externos (familia, colexio, etc.).

O primeiro modelo, en referencia ó dominio da linguaxe, require a integración de catro sistemas:

1. O sistema fonolóxico (articulación de fonemas).
2. O sistema lexical (refírese o conxunto de palabras para transmitir contidos).
3. O sistema sintáctico-gramatical (alude a posibilidade de unir varias palabras entre si, de tal xeito que poidan resultar estruturas gramaticais múltiples para comunicar feitos e ideas).
4. O sistema simbólico-semántico (fai referencia á orde lóxico das estruturas).

Non son menos importantes os contextos externos, fundamentalmente a familia e o colexio.

O estilo educativo familiar está influido por diferentes variables:

- O medio no que se encontra o neno/a: rural-urbano.
- A clase social de pertenza.
- A composición da familia.

➤ O clima educativo familiar.

➤ Relacións pais-fillos

A escola, é segundo contexto máis importante. É un produto da educación e un mecanismo de control do sociedade.

Pódese considera-la aula como un produto relacional de conductas onde se inclúen dous aspectos: o acto didáctico, e a interacción profesor-alumno, xa que para que teña lugar a aprendizaxe e preciso unha participación activa do suxeto que aprende.

Pois ben, a linguaxe vai facer de mediador e regulador nos procesos de ensinanza-aprendizaxe escolar, non só como instrumento de comunicación interpersonal e social, se non como medio para que se de a interacción.

A EXPERIENCIA

A experiencia foi levada a cabo nun colexio Público de Educación Primaria da bisbarra da Coruña.

De entre o alumnado, como xa dixemos antes, seleccionouse un neno de 7 anos e 5 meses escolarizado dende os tres anos que presentaba problemas de aprendizaxe presumiblemente debidos os seus trastornos da linguaxe. Neste intre, cursa segundo de Educación Primaria.

O centro de referencia recolle poboación escolar tanto do entorno rural coma urbano.

Características do neno:

➤ Datos físicos e de saúde

- *Características físicas:* Propias da súa idade.
- *Características sensoriais.*, Non posuimos ningún informe, aínda que podemos inducir, por mor a enfermidades infantís (vexetacións, otíte, etc.), unha carencia de discriminación auditiva propia.
- *Enfermidades padecidas:* Otíte, farinxite e unha intervención de extirpación de vexetacións os 6 anos.

➤ Datos psicociáis

- *Nível intelectual:* En reseñas recollidas de titora do Centro, amosa un nivel inferior a súa idade cronolóxica, problemas de comunicación e carencia lectora.
- *Nível motivacional:* Non presenta problemas. Está totalmente integrado no aula ordinaria.
- *Trozos de personalidade:* Sociable, seguro con actitude normal.

- *Intereses manifestados:*
 - Amasa gran interese por todo o relacionado coa plástica: debuxar, pintar...
 - Atracción e boa disposición cara a música.
 - Interese polas actividades deportivas.
- *Adaptación persoal:* Boa, así mesmo a súa autoestima: non se sente inferior ós outros.
- *Adaptación Social:* Boa.
- *Estílo de aprendizaxe:*
 - Áxil na realización das tarefas, aínda que mal.
 - Seguro de si mesmo.
 - Medianamente ordenado e limpo na utilización e recollida dos diferentes utensilios que emprega nos seus traballos.
 - Prefire as actividades de educación plástica, música e deportivas.

➤ **Datos do contorno socio-familiar**

- *Membros do unidade familiar.*- 4, os seus pais, avós e el.
- *Expectativas familiares:* A súa aceptación do problema e boa, amosando interese pola súa aprendizaxe.

➤ **Datos do contorno escolar**

Trátase de un colexio público, semiurbano, de 40 unidades, distribuídas da seguinte forma:

- 11 de E.I.
- 8 de 1º ciclo de E.P.
- 10 de 2º ciclo de E.P.
- 11 de 3º ciclo de E.P.

Ubícanse en tres pabellóns. Un deles aloxa o alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria.

Forma organizativa do Centro.- Regúlase a través dos equipos de ciclo en colaboración cos especialistas de: Música, Educación Física, de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica.

Forma organizativa da aula.- É ampla, clara, coas mesas en disposición lineal. Tamén hai mesas para actividades en grupo e un rincón de lectura.

➤ **Avaliación da linguaxe oral**

- *Nível Línquístico e verbal.*- Muy pobre, posuindo dislalias e ecolalias.
- *Desenrolo da linguaxe:*
 - Problemas en oracións.
 - Problemas en palabras-frase.
 - Problemas de decodificar.
 - Problemas de comprensión global da frase.
- *Expresión da linguaxe:* Pobre.
- *Comprensión:* Válida.
- *Ritmo da fala:* Moi dificultoso.
- *Vocabulario:* Pobre e escaso.
- *Morfosintaxe:* Uso da palabra como frase, ausencia de nexos (palabras función) e de concordancia.
- *Fonolóxico.*-Dificultade nos seguintes fonemas:
 - Confunde /b/ con /p/; /l/ con /r/, /e/ con /i/
 - Non pronuncia os consonantes nasais.
 - Non pronuncia os sinfóns.
- *Capacidade receptiva:* Discrimina auditivamente ruidos familiares, palabras e fonemas traballados.
- *Capacidade comunicativa:* Fai poucas preguntas, pide as cousas fundamentais.
- As súas respostas son inducidas e breves.
- *Órganos articulatorios:* Punto e modo de articulación incorrectos cos fonemas problema.
- *Respiración:*
 - Non regular.

- Non sabe inspirar nin expirar (soplar para dentro nin para fora).
- Non respira polo nariz.
- *Intelixibilidade*: Moi deficiente.

➤ **Avaliación da lingua escrita**

- *Espontaneidade*: Non posúe linguaxe escrita espontánea.
- *Copia*: Dado un modelo, copia con certa facilidade.
- *Dictado*: Escribe con moitos erros: substitucións, inversións, omisións e adicións.

➤ **Necesidades educativas especiais**

- *Adestramento* dos diferentes problemas segundo as súas necesidades, así como•
- de toda a problemática asociada.
- *Recursos*:
 - Materiais: Fichas, visuais, material propio da aula.
 - Persoais:- Profesor titor e Especialista en A. L en coordinación.

Obxectivos

O noso **obxectivo** foi incrementar o seu rendemento académico mediante unha terapia orientada a reducir os seus trastornos da linguaxe, tanto a nivel expresivo como comprensivo.

Con esta idea perseguimos:

- A discriminación auditiva dos fonemas problema.
- Mellora-la memoria inmediata auditiva.
- A adquisición de unha correcta técnica respiratoria.
- A articulación correcta dos fonemas conflictivos.
- A ampliación do vocabulario cara a súas situacións comunicativas diversas referidas o entorno familiar, escolar, etc.
- Mellora-la comunicación oral e escrita.
- Acada-la lectura e a súa comprensión.

- Consegui-la estrutura fundamental da oración, empregando os nexos máis comúns, concordanza, etc.

Hipótese

Partimos da **hipótese** de que traballando deste xeito a linguaxe íbanse ver significativos avances no seu rendemento escolar.

Procedemento

Desde o comezo fixemos un rexistro partindo de situacións distendidas, onde o neno actuó con espontaneidade para, deste xeito, obte-lo primeiro contacto coa linguaxe espontánea do rapaz mediante preguntas abertas sobre gustos e preferencias que ten, e recollendo mostras doutros ambientes (casa, xogos, etc.).

Para obte-los diferentes rexistros valémonos dunha grabadora que nos facilita e mellora a calidade da observación tanto no que se refire á evolución lingüística do cativo (forma da linguaxe, contido -semántica e léxico- e uso -funcionalidade-), coma ós problemas de articulación, distorsión, e tono.

Non forma frases, fala cun vocabulario pobre, confunde fonemas, fundamentalmente os que teñen un punto de articulación próximo, e non pronuncia as nasais.

Pensamos que isto pode ser debido a problemas no aparato bucofonador, así como a un déficit de percepción auditiva propia.

Mediante dictados e copias, valoramos a súa linguaxe escrita, observando diferentes erros, como abundantes inversións (*seles, balndo/blando*), omisións (*invieno/invierno, banco/blanco*), substitucións (*solitalla/solitaria, vui/muy, vras/blas*), etc.

As sesións tiñan unha duración aproximada de 30 minutos cunha mestura das seguintes actividades:

- Exercicios respiratorios e de relaxación corporal.
- Exercicios de sopro.
- Exercicios de praxes buco-faciais.
- Exercicios de vocalización con retahílas.
- Exercicios de vocabulario e categorías semánticas.
- Exercicios de estruturación de frases.
- Concións.

Utilizouse o seguinte material:

Globos, lotos, lapis, papel, goma, libreta e libros, etc.

Unha **SESIÓN TIPO** podería ser a seguinte:

➤ Sentados no cadeira, cós ollos pechados e as mans enriba da barriga, o inspirar suben as mans e o expirar ba ixan.

➤ Inflamos un globo e maxicamente transformase nun algo volador, con esto de base inventamos un conto.

➤ Facemos preguntas:

- ¿Quén era o que pilotaba o globo? ¿Qué vimos? ¿Qué pais visitamos?, etc.

➤ Repetición de estruturas rítmicas,

- Lin, lin, lin
- Lan, lan, lan
- Lon, lon, lon
- Len, len, len
- Lun, lun, lun

➤ Xogamos cos lotos para amplia-lo vocabulario, tanto a nivel oral como escrito. Con ditos lotos traballamos fonemas, grafemas, sílabas e palabras. Tamen, cos mesmos lotos, traballaremos a conversación.

➤ Traballamos con cancións....

- *Plan, plan, plan, rata, rata, plan...*
- *Plen, plen, plen, rete, rete, plen...*
- *Plin, plín, plín, riií, riti, plin...*
- *Plon, plon, plon, roto, roto, plon...*
- *Plun, plun, plun, rutu, rutu, plun...*

tanto a nivel oral como escrito para reforza-la memoria inmediata e alongo plazo.

Instrumentos

Logofón e desinfectante
Grabadora
Depresores linguales
Expirómetro
Cronómetro
Teléfono de xoguete
Casette e cintas de
música relaxante

Pelotas de pin pon
Logos
Matasogras
Velas
Teas de seda
Plumas
Polletas
Etc.

Recursos

As pautas de selección dos materiais que adoptamos seguen un conxunto de criterios homogéneos que tratamos de que nos proporcionen unha resposta efectiva as nosas formulacións xerais da

intervención educativa que levamos a cabo, e do modelo didáctico anteriormente proposto. De tal xeito, estableceuse que fosen as seguintes:

- Medios de observación.
- Medios técnicos (grabacións).
- Rexistros de escritura (dictado, copias, etc.).
- Elaboracións propias (libretas, fichas, etc.).

Conclusiones

A avaliación do programa permitíunos chegar as seguintes conclusións:

- Na linguaxe oral obsérvase unha mellora significativa non tanto nos seus logros coma na súa progresión, lenta pero continuada'. Así mesmo, a súa capacidade para elaborar frases cada vez máis longas e completas tivo un claro desenvolvemento.
- En canto a escritura, forma frases cada vez máis completas aumentando tamén o número de palabras e a súa complexidade. Comenza a facer oracións sinxelas apoiándose en dibuxos. Todavía tende a omitir algúns nexos e complementos.
- Na lectura, aínda que con pouca prosodia, ten adquirido todos os fonemas e sílabas. É máis precisa que a súa fala pero hai que reforzalo e traballa-la comprensión, punto no que o neno presenta as maiores dificultades e no que conven incidir e seguir traballando de forma moi pausada.
- Con respecto a estruturación das frases, aínda segue sen empregar moitos dos nexos e unións, feito que vai significar un retraso tanto na consecución dunha boa comprensión lectora coma dun nivel aceptable de concordancia entre a fala e a lectura. É neste capítulo fundamentalmente no que, nun futuro, deberanse centrar as nosas pautas de traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- AJURIAGUERRA, J. (1984): *La escritura del niño*. Laia, Barcelona.
- AZCOAGA, J.E. (1990): *Los retardos del lenguaje en el niño*. Paidós, Barcelona.
- BRASLAUSKY (1962): *La querrela de los métodos*. Kapelusz., Buenos Aires.
- CRISTAL, D. (1989): *Patología del lenguaje*. Cátedra, Madrid.
- GALLARDO, J. y GALLEGO, J. (1995): *Manual de logopedia escolar*. El Aljibe, Madrid.
- LAUNAY, CL. Y BOREL-MASONNY, S. (1989): *Trastornos del lenguaje, la palabra y la voz en el niño*. Masson, Barcelona.

- MONFORT, M. (1982): *La intervención logopédica*. II Simposio de Logopedia. CEPE, Madrid.
- MONFORT, M. y JUÁREZ, A. (1989): *Registro fonológico inducido*. Cepe, Madrid. MONFORT, M. y JUÁREZ, A. (1990): *Loto de acciones*. Cepe, Madrid.
- NIETO, M. (1987): *Anomalías del lenguaje y su corrección*. Méndez Otero, México D.F.
- NIETO, M. (1990): *Retardo del lenguaje. Sugerencias pedagógicas*. CEPE, Madrid. PEÑA, J. (1990): *Manual de logopedia*. Masson, Barcelona.
- PERALBO, M. y otros.(1998): *Desarrollo del lenguaje y cognición*. Pirámide, Madrid.
- ROSELL, V. (1993): *Programa de estimulación del lenguaje oral en Educación infantil* El Aljibe, Madrid.
- SOS ABAD y SOS LANSAC (1999): *Logopedia práctica*. Escuela Española, Madrid.
- VIEIRO, P., PERALBO, M y GARCIA, M. (1977). *Procesos de adquisición y producción de la lectoescritura*. Aprendizaje Visor, Madrid.